

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que o Pleno do Concello de Ames, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2018 adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**Punto Sétimo.- Aprobación Plan Normativo Municipal 2019.**

(.....)

*Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:*

**Primeiro.-** Prestar aprobación ó Plan Normativo Municipal do Concello de Ames para o exercicio 2019 que figura como anexo.

**Segundo.-** Publicar este acordo de aprobación do Plan Normativo Municipal 2019 no Portal de Transparencia do concello de Ames.-

**Terceiro.-** Facultar ó alcalde do concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo

**Plan Normativo Municipal do Concello de Ames para o exercicio 2019.**

**Modificación de Ordenanzas Reguladoras, Fiscais e Regulamentos**

**Servizo:** Deportes

**Norma:** Ordenanza Reguladora do Prezo público das Escolas deportivas municipais.

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Adaptar os cambios levados a cabo nas escolas en referencia ás novas actividades e incorporación dunha nova mensuralidade.

**Servizo:** Servizos Sociais

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Adaptar a ordenanza fiscal á situación actual coa posta en marcha do servizo.

**Servizo:** Urbanismo

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola actividade administrativa do cemiterio municipal

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Modificar os aspectos detectados coa posta en marcha do servizo.

**Servizo:** Urbanismo

**Norma:** Ordenanza reguladora do prezo público polos servizos do cemiterio municipal

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Modificar os aspectos detectados coa posta en marcha do servizo.

**Servizo:** Urbanismo

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Adaptar a ordenanza á situación actual despois dos anos transcorridos.

**Servizo:** Urbanismo

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actos de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local derivado da execución de obras.

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Necesidade de adecuación de tarifas.

**Servizo:** Urbanismo

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Necesidade de adecuación de tarifas.

**Servizo:** Urbanismo

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Necesidade de adecuación de tarifas.

**Servizo:** Urbanismo

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con ocasión da celebración de matrimonio civil.

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Necesidade de adecuación de tarifas.

**Servizo:** Facenda

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Adaptación de tarifas

**Servizo:** Facenda

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Adaptación de tarifas.

**Servizo:** Facenda

**Norma:** Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións instalacións e obras.

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Necesidade de modificar o importe do cálculo do orzamento de execución material dos proxectos de obras.

**Servizo:** Promoción Económica

**Norma:** Regulamento de mercado de venda ambulante

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Adaptación á situación actual e cambios normativos

**Servizo:** Servizos Sociais

**Norma:** Regulamento do servizo axuda no fogar

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Adaptar o regulamento existente á situación actual e cambios levados a cabo no servizo.

**Servizo:** Urbanismo

**Norma:** Regulamento do cemiterio municipal

**Actuación que se pretende:** Modificación

**Motivación da actuación:** Realizar as adaptacións de distintos aspectos unha vez posto en marcha o servizo.

#### **Aprobación de Ordenanzas, Regulamentos e Ordenanzas Fiscais**

**Servizo:** Alcaldía

**Norma:** Regulamento especial de concesión de honras e distincións

**Actuación que se pretende:** Aprobación

**Motivación da actuación:** Necesidade de regular a concesión de honras e distincións

**Servizo:** Comunicación

**Norma:** Regulamento de publicidade

**Actuación que se pretende:** Aprobación

**Motivación da actuación:** Necesidade de regular toda a publicidade de cartelería exterior

**Servizo:** Alcaldía

**Norma:** Regulamento de Código Ético

**Actuación que se pretende:** Aprobación

**Motivación da actuación:** A necesidade de regular de xeito transparente un código ético que complemente o regulamento de participación cidadá.

**Servizo:** Deportes

**Norma:** Regulamento de instalacións deportivas

**Actuación que se pretende:** Aprobación

**Motivación da actuación:** Necesidade de regulación que non existía para o uso das instalacións deportivas.

**Servizo:** Facenda

**Norma:** Ordenanza de publicidade

**Actuación que se pretende:** Aprobación

**Motivación da actuación:** Necesidade de regulación que non existía para fixar prezos de publicidade de carteis, paneis, web e outros.

**Servizo:** *Alcaldía*

**Norma:** *Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos municipais de intervención en emerxencias.*

**Actuación que se pretende:** *Aprobación*

**Motivación da actuación:** *Necesidade de regulación que non existía.*

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace da primeira tenente de alcalde, alcaldesa por delegación (decreto 2223/2018) en Ames, a 29 de outubro de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e Prace

A primeira tenente de alcalde

Alcaldesa por delegación (Decreto 2223/2018)

A secretaria

Genma Otero Uhía

Rosa Ana Prada Queipo